

PROTOCOLO DE SEGURIDADE SANITARIA ANTE O COVID-19 PARA A CELEBRACIÓN DE COMPETICIÓNS CINEXÉTICAS

O presente protocolo ten por obxecto velar pola seguridade sanitaria dos deportistas da FGC ante a pandemia de COVID-19, co fin de previr o risco de contaxio e frenar a súa expansión, sendo de obrigado cumprimento en todas as competicións cinexéticas.

- Nas competicións oficiais a FGC fará chegar este Protocolo de Seguridade a todos os deportistas no momento de realizar a súa inscrición; e publicaráo xunto cos programas, carteis e trípticos de cadaún dos campionatos nas diferentes canles de comunicación federativa (web, revista e redes sociais).
- Toda a documentación e trámites administrativos necesarios para a organización das competicións, por parte da organización ou dos competidores, realizarase telemáticamente, como xa se viña facendo anteriormente.
- A organización porá a disposición dos participantes, xuíces, árbitros e técnicos de cadaunha das probas e campionatos, o material de protección recomendado (guantes, mascarillas, xel desinfectante, etc.). No transcurso da competición, e sempre que sexa posible, as comunicacións entre a organización, xuíces e deportistas realizarase a través de teléfonos móbiles ou emisoras de radiofrecuencia para así manter o distanciamento social.
- Sempre que sexa posible, o material e equipos técnicos que se empreguen para o desenvolvemento das competicións será individual e personal. No caso de que o material sexa compartido por xuíces ou deportistas terá que cumprir as medidas hixiénico sanitarias de desinfección (por exemplo, cronómetros, traíllas, telémetros, máquinas lanzadeiras, lectores, táboas de puntuación, etc., desinfectaranse tras cada uso).
- En todas as competicións colocaranse contenedores para a recollida específica de residuos perigosos nos que se depositará o material de protección utilizado.
- Nas probas e campionatos nos que participen cans ou aves de cetrería deberase evitar que os animais manteñan contacto entre eles.
- Os desprazamentos en automóbil realizaranse de forma individual en vehículo particular, e no caso de ter que compartir medio de transporte deberán empregarse mascarillas e desinfección do vehículo, sentándose en diagonal e mantendo as distancias, en función do número de prazas do automóbil.

- Manterase en todo momento o distanciamento social entre deportistas, xuíces e público. No caso de que, nalgún intre, non sexa posible manter dito distanciamento empregaranse máscaras de protección, aínda que pola idiosincracia das competicións cinxéticas -que se desenvolven ao aire libre- sempre será posible e tamén imprescindible manter dito distanciamento.
- Non se realizarán as concentracións previas ao comenzo da competición en locais pechados cando o número de participantes non faga posible o distanciamento social. Neste caso realizaranse ao aire libre e mantendo unha separación mínima de dous metros entre os asistentes.
- Ao remate dos campionatos farase o acto de clausura e entrega de premios na zona de competición sempre que non se poidan realizar en recintos ou locais pechados coas garantías sanitarias recomendadas, e observaranse en todo momento as medidas de distanciamento social e o emprego de materiais de protección individual (mascarillas, guantes, xel desinfectante, etc.).
- Cada participante é responsable de forma individual de cumprir as normas hixiénico sanitarias ditadas polas autoridades competentes.

ADESTRAMENTOS:

Os adestramentos de cadaunha das especialidades deportivas realizaranse cando o nivel de desconfinamento e a normativa así o permita, debendo seguirse, no seu caso, as medidas hixiénico sanitarias descritas neste protocolo para as competicións.

O presente protocolo é de aplicación para todos os niveis de competicións organizadas pola FGC durante a vixencia do estado de alarma ou mentres se manteñan as medidas restrictivas para minimizar a pandemia.